



O INTECMAR, garante de calidade dos moluscos das rías galegas

M^a Covadonga Salgado Blanco
Directora do INTECMAR

O control das zonas de produción de moluscos bivalvos de Galicia é a principal actividade desenvolvida polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), centro que depende da Consellería do Mar. A esta función relacionada directamente coa seguridade alimentaria, engádense o control das patoloxías dos moluscos, a observación do océano e a loita contra a contaminación mariña accidental. Por iso, o seu labor é clave tanto para a economía das zonas costeiras como para a protección do medio ambiente.

A aposta da Xunta por este centro está motivada pola gran importancia da actividade marisqueira e de cultivos mariños en Galicia, o que exige unha xestión de máxima axilidade das zonas de produción para que os moluscos cheguen ao mercado con todas as garantías hixiénico-sanitarias e tamén para evitar perdas económicas aos sectores mitilicultor e marisqueiro.

Con estes fins, o Intecmar realiza cada ano arredor de 80.000 análises de distintos tipos en moluscos bivalvos vivos e emite uns 7.000 informes e resolucións de seguridade alimentaria e sanidade animal que garanten que os produtos das rías galegas que chegan ao mercado polas canles legais son aptos para o consumo. De feito, este labor garante a venda e consumo seguro

das máis de 250.000 toneladas de moluscos bivalvos producidos ao ano na comunidade.



Todo este traballo convérteo nun centro punteiro a nivel mundial, o que se reflicte nas numerosas visitas que recibe de expertos e xestores das administracións de diferentes países do mundo, entre eles Francia, Portugal, Chile, Noruega ou Xapón. Outra mostra deste recoñecemento é que os seus técnicos son convidados a participar como expertos en múltiples auditorías organizadas pola Comisión Europea.

Orixe e funcións

O Intecmar foi creado como ente público no ano 2004 e asumiu as competencias, o persoal e as instalacións do antigo Centro de Control da Calidade do Medio Mariño, fundado polo Goberno autonómico no ano 1992. É laboratorio oficial de análises agroalimentarios, estando polo tanto acreditado e sometido a avaliacións periódicas da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC). No 2021 foi designado Laboratorio Nacional de Referencia de Biotoxinas Mariñas.

Entre as súas funcións está a de garantir o estrito cumprimento da lexislación vixente (europea, estatal e autonómica) en materia de control e calidade das zonas de produción e á hora de potenciar novas estratexias de explotación e

comercialización dos recursos que permitan minimizar as consecuencias dos episodios de biotoxinas e asegurar a mellor calidade e total garantía sanitaria dos recursos mariños cultivados ou capturados na costa de Galicia.

Para isto o Intecmar xestiona de forma eficiente varias redes de control oceanográficas e costeiras situadas por todo o litoral galego que, xunto con radares de alta frecuencia, rexistran información sobre correntes e ondaxe ao tempo que proporcionan información oceanográfica e meteorolóxica ao Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia. Na maioría destas estacións, rexístranse variedades ambientais como temperatura, salinidade e osíxeno, entre outras, e recóllense mostras de auga para analizar a concentración de nutrientes e a abundancia de especies de fitoplancto potencialmente tóxico. A consolidación dunha rede de medición continua de parámetros oceanográficos contribúe a que Galicia e o Norte de Portugal estean situadas entre as primeiras rexións do mundo no campo da observación e modelización oceánica.



De cara a garantir a seguridade alimentaria, conta coa rede de control de biotoxinas, microbioloxía e contaminación química con puntos fixos de mostraxe distribuídos por todas as zonas de produción de moluscos de Galicia. Estas mostras son recollidas en cada zona de produción por persoal do Intecmar ou coa colaboración do persoal técnico do sector marisqueiro e trasladadas ata os laboratorios do Intecmar para o seu análise.

Outra rede de control do Intecmar é a de patóxenos de moluscos con puntos de mostraxe distribuídos polos principais bancos marisqueiros da costa galega da que xorde o Atlas de Histopatoloxía dos Moluscos Bivalvos Mariños publicado no ano 2016.

En canto á actividade que realiza o instituto en materia de seguridade marítima e loita contra a contaminación mariña accidental, destaca o traballo que está a facer no desenvolvemento dun Esquema Común Operacional (ECO) que permite a través dunha plataforma web, recoller, sintetizar e xestionar a información relevante no caso dun incidente de contaminación mariña accidental e trasladala dunha maneira áxil e rápida a todos os os actores implicados na xestión.

O mantemento de todas estas redes de observación require un traballo intenso e continuado por parte de persoal altamente especializado e cualificado e é posible grazas ás máis de 90 persoas que traballan no Intecmar de diferente formación pois entre eles hai doutores ou graduados en química, farmacia, bioloxía, ciencias do mar, física, económicas, informáticos, analistas e auxiliares de laboratorio que tamén colaboran en proxectos de investigación xunto con outras institucións científicas e universidades.

